

“Unha cultura que libera e nos libera”

Ana Acuña Trabazo¹

A casualidade, ou a causalidade, uniu nesta fermosa portada un verso adaptado de Víctor Campio Pereira en homenaxe a Xesús Alonso Montero co *Momentum* pintado por Cristina Durán Arufe. Ambas creacións permiten visualizar os temas do presente volume: a luz redentora da memoria para mostrar o noso patrimonio e alicerzar a nosa identidade galega pero tamén universal. Unha vez máis, Galicia como célula de universalidade.

A memoria individual e colectiva atravesada de luz a escuridade do pasado como “unha revelación que é rebelión” (Pedro Petouto *dixit*). Así ocorre cos estudos ofrecidos neste número especial de *Madrygal* forxados, na súa maioría, co gallo do XII congreso da AIEG celebrado na Universidad Complutense de Madrid en 2018 (descendente daquela Universidad Central na que se formou o filólogo Xesús Alonso Montero).

Presentamos vinte e cinco colaboracións que iluminan o pasado e guían o presente por canto supoñen un avance no coñecemento, ben por aplicar os seus autores e autoras novas perspectivas, ben por ofrecer datos relevantes para o lectorado interesado nos estudos galegos, especialmente sobre o patrimonio, a memoria e a identidade. En efecto, combínanse

neste volume traballos de investigación ao carón de ensaios de divulgación. Desta maneira revísanse tópicos e mitos sobre a orixe e a identidade galega (a saudade, o matriarcado...) e achéganse ensaios que serán referente para superar clichés e entender o noso presente (queer, retornado, exiliado...) dende a transdisciplinabilidade (psiquiatría, antropoloxía, arqueoloxía, historia, literatura, estudos culturais, estudos da memoria, historia das emocións, cultura LGTB...) e a complexidade.

A través da análise de diferentes elementos (documentos orais e escritos, revistas, obras literarias, mapas, viaxes, representacións teatrais, diarios, fotografías, memorias, restos arqueolóxicos...) móstranse pequenas e grandes pegadas –todas elas dignísimas– para o coñecemento e a salvagarda do noso patrimonio material e inmaterial.

Ao tempo recupérase a memoria das persoas que padeceron ditaduras e guerras, nomeadamente o levantamento militar de 1936 (como militante antifascista, como xefe militar e dirixente comunista, como parte da guerrilla...), examínanse as súas consecuencias (censura, persecucións, contrabando, creación de mitos...) e manifestacións (literarias, políticas...) dentro e fóra de Galicia.

¹ Universidade de Vigo. Departamento de Filoloxía galega e latina.
Correo-e: ganime@uvigo.es; <https://orcid.org/0000-0002-9441-7450>.

Non se pode esquecer a memoria dos e das emigrantes, ás veces tan ligada á do exilio, que, de forma individual ou colectiva (velái a das mulleres traballadoras), buscaron un lugar de acollida en Paraguai, Bos Aires, Montevideo... e neles foron creando espazos de sociabilidade e cultura.

Para concluír, parécenos pertinente remarcar a posibilidade que ofrece este volume ao reparar en cuestións que, normalmente, pasan desapercibidas por canto rescata feitos e

palabras dos grupos marxinalizados e/ou subalternos como categoría válida e importante de análise. Por esta razón consideramos que os artigos serán do interese do destinatario Xesús Alonso Montero, coñecedor directo das “vozes baixas” e altas de moitos dos nomes e dos temas que aquí se estudan.

A todos os colaboradores e colaboradoras deste proxecto tan ilusionante, beizón pola súa valiosa achega.